



RESOLUCIÓN da Comisión de Selección pola que se aproban e se fan públicas, unha nova relación provisional de persoas admitidas xunto co baremo, a relación do persoal excluído e a adxudicación provisional correspondente ao concurso específico de méritos para a cobertura, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización de alumnado de atención preferente, convocado pola Orde do 16 de maio de 2024 (DOG núm. 101, do 27 de maio) (código de procedemento ED013B)

Por Orde do 16 de maio de 2024 convócase o concurso específico de méritos entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres, para cubrir, en réxime de comisión de servizos, postos de escolarización de alumnado de atención preferente (código de procedemento ED013B) (DOG nº101, do 27 de maio de 2024).

Mediante a Resolución do 4 de xullo de 2024 da Comisión de Selección apróbase e publícase no portal web da consellería, www.edu.xunta.gal, a relación provisional de persoas admitidas xunto co baremo, a relación do persoal excluído e a adxudicación provisional correspondente a este concurso específico de méritos de acordo co establecido na base décimo segunda da orde de convocatoria pública.

Así mesmo, en aplicación do disposto na dita base, no prazo comprendido entre o día 5 de xullo de 2024 e o día 11 de xullo de 2024, ambos incluídos, as persoas interesadas poden formular alegacións e/ou renuncias por medios electrónicos no trámite activado para estes efectos na carpeta cidadá no procedemento normalizado ED013B.

Transcorridos 3 días hábiles do prazo establecido para formular alegacións e/ou renuncias, e logo de revisar as alegacións presentadas polas persoas interesadas, constan alegacións á exclusión de participación en determinadas prazas por non posuír a especialidade afín indicada na columna de especialidade do Anexo II (Vacantes).

A base segunda da orde de convocatoria establece que as prazas que se ofertan neste procedemento de cobertura relaciónanse no anexo II (Vacantes) que recolle, entre outras cuestións, os requisitos, o centro de destino, as características, a especialidade e o seu número.

Pola súa vez, a base terceira da dita orde establece os requisitos xerais de participación e determina, entre outros, que o persoal participante deberá posuír a especialidade e, de ser o caso, o requisito específico que se requira para cada praza.

O anexo II desta orde relaciona nunha táboa as prazas que se convocan indicando por columnas o código da praza, o código do centro, a denominación do centro, a localidade, a especialidade e o requisito específico da praza. Na meirande parte das prazas ofertadas unicamente se indica unha especialidade: Pedagogía terapéutica (PT) ou Audición e linguaxe (AL). Non obstante, nalgunha das prazas indícase como especialidade a de Pedagogía terapéutica (PT) ou Audición e linguaxe (AL) e ademais unha especialidade afín.

Logo de analizar a actuación administrativa precedente en relación coa esixencia do requisito de posuír a especialidade afín da praza polo persoal participante, advírtese que soamente se requería o dito requisito para a especialidade propia da praza e non para a especialidade afín. Por esta razón, acórdase por esta Comisión de Selección en sesión do 9 de xullo de 2024 a admisión de todas aquelas persoas participantes que posúan o requisito de especialidade da praza solicitada, ademais dos restantes requisitos esixidos, aínda que non posúan a especialidade afín que se contempla no





Anexo II (Vacantes) o que implica publicar a baremación provisional destas persoas para as prazas solicitadas das que foron excluídas así como tamén proceder a unha nova adxudicación provisional neste concurso específico de méritos.

Por último, coa finalidade de evitar prexuízos ás persoas participantes e que poidan presentar, manter ou modificar as alegacións e/ou renuncias xa presentadas ampliase o prazo para formular alegacións e/ou renuncias ata o día 15 de xullo de 2024, incluído.

En consecuencia, de acordo co exposto anteriormente, esta Comisión de Selección, de conformidade coa base décimo primeira e décimo segunda da orde de convocatoria,

RESOLVE

Primeiro. Aprobar e facer pública, no portal da Internet desta consellería, www.edu.xunta.gal, a adxudicación provisional das prazas do concurso de méritos específico (Anexo I), o baremo provisional das persoas participantes no concurso específico (Anexo II) e a relación provisional de persoas excluídas e as causas de exclusión da participación no concurso de méritos específico (Anexo III) incluíndo a aquelas persoas participantes que posúan o requisito de especialidade da praza solicitada, ademais dos restantes requisitos esixidos, aínda que non posúan a especialidade afín que se contempla no Anexo II (Vacantes).

Segundo. Ampliar o prazo de presentación de alegacións e/ou renuncias por medios electrónicos no procedemento normalizado ED013B ata o día 15 de xullo de 2024, incluído, para que as persoas participantes poidan presentar, manter ou modificar as alegacións e/ou renuncias xa presentadas.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obteñan destino na resolución provisional, xa que, de non o faceren, poderán obter destino na resolución definitiva, cos efectos previstos na base décimo cuarta da citada orde, relativa á resolución definitiva.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O presidente da Comisión de Selección

José Carlos Barros Pardo

